



SI

A Sociedade da Información nas empresas TIC de Galicia

Edición 2017

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2017

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0.
Recoñecemento – Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>



A Sociedade da Información nas empresas TIC de Galicia

Edición 2017

Observatorio da Sociedade da Información e
a Modernización de Galicia (OSIMGA)

Xunta de Galicia
Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)
Santiago de Compostela
2017



INTRODUCCIÓN	5
METODOLOXÍA DO ESTUDO	6
I. CARACTERIZACIÓN DO SECTOR TIC	7
I.1. Demografía empresarial do sector TIC galego	8
I.2. Emprego no sector TIC	15
I.3. Contribución do sector TIC á economía galega	23
I.4. Certificacións de calidade	27
II. ACTIVIDADES DE I+D+i e INNOVACIÓN	29
II.1. Actividades de I+D+i	30
II.2. Innovacións introducidas nos tres últimos anos	34
II.3. Solicitude de patentes	41
III. EQUIPAMENTOS E SERVIZOS TIC	43
III.1. Equipamento tecnolóxico	44
III.2. Sistemas informáticos	47
III.3. Internet	65
III.4. Páxina web	84
III.5. Redes sociais	88
IV. COMERCIO ELECTRÓNICO	92
IV.1. Compras	93
IV.2. Vendas	97
V. FORMACIÓN E AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO TIC	101
V.1. Formación	102
V.2. Axudas para o desenvolvemento TIC	107
VI. PERCEPCIÓN ACTUAL E PROSPECTIVA DE MERCADO	109
VI.1. Situación actual	110
VI.2. Perspectivas futuras	113
VII CONCLUSIÓNS	118

INTRODUCCIÓN

Este informe presenta os resultados da “Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia”, realizada polo Observatorio Galego da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Este estudo está incluído no [V Plan Galego de Estatística 2017 – 2021](#) e ten como obxectivo caracterizar o sector empresarial TIC galego, por ser un sector estratéxico no desenvolvemento económico de Galicia e polo efecto tractor e dinamizador TIC que exerce no resto de actividades empresariais.

Este diagnóstico consolídase así coma [unha fonte de información de referencia](#) sobre o sector das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions en Galicia. Ademais, os resultados desta análise permitirán:

- Proporcionar información para avaliar o impacto das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital de Galicia 2020 no sector TIC.
- Actualizar o Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia, incluído tamén no V Plan Galego de Estatística 2017 – 2021

O estudo recolle a situación no ano 2017 con respecto a unha serie de indicadores e obxectivos relacionados co sector TIC:

- Caracterización e información económica das empresas TIC.
- Actividades I+D+i, innovacións organizativas, comerciais, de produtos e de procesos TIC.
- Equipamentos TIC, servizos empregados a través de Internet e dispoñibilidade de páxina web e redes sociais.
- Comercio electrónico
- Formación e axudas para o desenvolvemento do uso das TIC.
- Percepción actual e prospectiva de mercado

Este informe complementábase con información procedente do IGE e INE, relativa ao número de empresas, emprego e contribución do sector TIC ao PIB galego, inclúe datos evolutivos e proporciona unha perspectiva comparada atendendo ao número de empregados/as, actividade económica e provincia onde está ubicada a sede da empresa.

METODOLOXÍA DO ESTUDO

O presente estudo sobre a Sociedade da Información en Galicia realizouse entre as empresas TIC galegas atendendo aos criterios metodolóxicos que se expoñen de seguido:

- **Ámbito:** Galicia.
- **Universo:** sociedades e persoas físicas con actividade en Galicia, adicadas a actividades relacionadas coas Tecnoloxías da Información e Comunicación agrupadas en 5 grupos (Manufactureiras, Comerciais, Telecomunicacións, Actividades informáticas e Outros Servizos TIC)¹
- **Tipo de enquisa:** Entrevista autoadministrada vía web con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou persoalmente para a súa cobertura.
- **Tamaño da mostra:** 440 entrevistas a empresas relacionadas coas TIC.
- **Afixación:** Polietápica: estratificada proporcional en primeira fase, en base ao volume de emprego e a actividade específica da empresa TIC; nunha segunda fase selección aleatoria da unidade mostral dentro de cada un dos estratos definidos.
- **Erro mostral:** Cun nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas) e $p=q=0,5$ como caso máis desfavorable, a marxe de erro mostral para o conxunto da mostra é de $\pm 4,3\%$.
- **Traballo de campo:** do 2 de abril ao 5 de xullo de 2017.

¹ No Anexo expónse a información do CNAE 2009 que comprende cada grupo.

I. CARACTERIZACIÓN DO SECTOR TIC



☞ O número de empresas do sector continua á alza, acadando as 2.437 entidades, un 4,5% mais que o ano anterior.

☞ Galicia ocupa o quinto lugar das Comunidades Autónomas respecto á cifra de empresas TIC.


☞ No ano 2016 aumenta tamén a cifra de traballadores/as do sector TIC en Galicia, chegando ata os 16.098.

☞ O volume de negocio superou os 2.522 millóns de euros, un 2,8% máis que o ano anterior.

I.1 Demografía empresarial do sector TIC galego

- 👉 O número de empresas galegas TIC durante o 2015 incrementouse ata as 2.437, un 4,5% máis que o ano anterior.
- 👉 Galicia permanece na quinta posición entre as Comunidades Autónomas respecto ao número de empresas do sector TIC.
- 👉 En relación ao número de empregados/as, o 83,6% das empresas TIC galegas posúe un máximo de dous empregados/as.


Durante o ano 2015 o número de empresas TIC en Galicia² volve a incrementarse, chegando ata as 2.437 empresas, e asentándose na quinta posición respecto ao resto de Comunidades Autónomas de España. No último ano, o número de empresas TIC incrementouse nun 4,5%.



² Nota metodolóxica: Considérase a seguinte definición do Sector TIC (empregada por INE, Eurostat e OCDE): Manufactureiras TIC (26.11, 26.12, 26.20, 26.30, 26.40, 26.80), Comerciais TIC (46.51, 46.52), Telecomunicacións (61.10, 61.20, 61.30, 61.90), Actividades informáticas, portais web e procesamento de datos (62.01, 62.02, 62.03, 62.09, 63.11, 63.12) e outros servizos TIC (Publicacións TIC -58.21 e 58.29- e reparación de ordenadores -95.11, 95.12-).

G.2. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas do sector TIC Comparación Galicia e España (nº de empresas TIC)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos INE (España) e IGE (Galicia). Anos 2011-2015

As empresas adicadas á "Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática" (CNAE09= 62.0) seguen sendo as máis numerosas entre as TIC galegas, incrementándose respecto ao ano anterior en 102 empresas.

**C.1. DISTRIBUCIÓN DAS EMPRESAS DO SECTOR TIC GALEGAS SEGUNDO A ACTIVIDADE CNAE 2009
EVOLUCIÓN ANOS 2011-2015**

Actividades CNAE 2009	Número de empresas				
	2011	2012	2013	2014	2015
26.1 Fabricación de compoñentes electrónicos e circuitos impresos ensamblados	19	12	12	14	15
26.2 Fabricación de ordenadores e equipos periféricos	58	47	43	41	41
26.3 Fabricación de equipos de telecomunicacións	34	26	23	18	18
26.4 Fabricación de produtos electrónicos de consumo	3	4	3	5	4
26.8. Fabricación de soportes magnéticos e ópticos	0	0	0	0	0
46.5 Comercio polo xunto de equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións	366	379	388	395	396
58.2 Edición de programas informáticos	3	2	8	10	11
61.1 Telecomunicacións por cable	23	15	13	16	21
61.2 Telecomunicacións sen fíos	2	7	14	13	13
61.3 Telecomunicacións por satélite	0	2	3	3	2
61.9 Outras actividades de telecomunicacións	129	123	137	145	129
62.0 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	1.160	1.223	1.332	1.384	1.486
63.1 Proceso de datos, hosting e actividades relacionadas; portais web	129	130	119	126	125
95.1 Reparación de ordenadores e equipos de comunicación	287	262	147	161	176

Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos IGE. Ano 2015


Agrupando segundo a actividade CNAE09, amosaremos ao longo do informe a seguinte clasificación:

- Manufactureiras TIC (26.1 26.2, 26.3, 26.4)
- Comerciais TIC (46.5)
- Telecomunicacións (61.1, 61.2, 61.3, 61.9)
- Actividades informáticas, portais web e procesamento de datos (62.0, 63.1)
- Outros servizos TIC (Edición de programas informáticos -58.2- e reparación de ordenadores -95.1-).

En liña co relatado con anterioridade, as empresas adicadas a “Actividades informáticas” engloban a maior parte das empresas TIC galegas, o 66,1%, de xeito que practicamente dúas de cada tres empresas TIC, traballan neste campo. O segundo sector máis destacado é o Comercial TIC, co 16,2%.

G.3. ACTIVIDADE PRINCIPAL DA EMPRESA SEGUNDO GRANDES GRUPOS CNAES

(% empresas TIC)




Fonte: elaboracion do OSIMGA a partir de datos IGE. Ano 2015

Analizando o número de empregados/as das empresas TIC, resaltar que hai un maior crecemento nas empresas máis pequenas, cun máximo de dous traballadores/as (o 83,6% das empresas TIC galegas), aumentando en 89 microempresas respecto ao ano anterior, e tamén cun incremento significativo no período 2011-2015 de 223 entidades.

G.4. EMPRESAS DO SECTOR TIC SEGUNDO O NÚMERO DE EMPREGADOS /AS

GALICIA. EVOLUCIÓN ANOS 2011-2015

(nº de empresas TIC)




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos IGE. Anos 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015

A maior parte das empresas TIC galegas, un 64,5% teñen forma societaria, e un 35,5% son Persoas Físicas.

G.5. CONDICIÓN XURÍDICA

(% empresas TIC)




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos IGE. Ano 2015

A maioría das empresas TIC galegas ubícanse na provincia da Coruña (o 44,2%) e na provincia de Pontevedra (35%). Lugo e Ourense concentran ao 7,4% e ao 7,1% das empresas TIC respectivamente.

G.6. UBICACIÓN DA SEDE

(% empresas TIC)




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos IGE. Ano 2015

Diagnóstico 2017. Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

O 89,8% das empresas TIC son de capital galego e teñen en Galicia os seus centros produtivos.

G.7. TIPO DE EMPRESA POLA UBICACIÓN DO CAPITAL E DOS CENTROS PRODUTIVOS


(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

Máis do 90% das empresas TIC galegas non pertencen a ningún grupo empresarial (o 93,7%), soamente o 6,3% se integra nun grupo de empresas.

G.8. PERTENZA A GRUPO EMPRESARIAL



Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

I. 2 Emprego no sector TIC

- ☞ Os datos de afiliacións á Seguridade Social en Galicia mostran un incremento do 2,6% do emprego no sector TIC no ano 2016, acadando os 16.098 traballadores/as.
- ☞ A porcentaxe de homes que traballa no sector TIC (67,1%) duplica á cifra de mulleres traballadoras adicadas ás TIC.
- ☞ Os traballadores/as de Actividades Informáticas representan o 53,2% da totalidade de empregados / as das empresas TIC galegas no ano 2016.
- ☞ O 33,7% do persoal das empresas TIC teñen titulación de grao superior (24,3%) ou media (9,4%); o 27,4% dos empregados posúe ciclos formativos relacionados coas TIC (un 22,4% superiores e un 5% medios) .
- ☞ Nun 4,4% das empresas hai traballadores/as con algún tipo de discapacidade.
- ☞ Máis da metade das empresas TIC (51%) considera difícil ou moi difícil atopar persoal coa formación apropiada para desempeñar un posto TIC.


Tendo en conta os datos de afiliación á Seguridade Social no ano 2016 o crecemento do emprego no sector TIC foi dun 2,6%, acadando as 16.098 persoas.

G.9. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empregados/as do sector TIC

Evolución Galicia 2012-2016

(nº de traballadores / as)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos facilitados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social.

Un 80,8% dos traballadores/as pertencen ao réxime xeral de cotización da Seguridade Social (13.003). A porcentaxe de autónomos e autónomas do sector TIC durante o ano 2016 foi do 19,2% (3.095 traballadores/as).

C.2. EMPREGO NO SECTOR TIC SEGUNDO O REXIME DE COTIZACION. ANOS 2012-2016


Ano / Réxime	Réxime xeral	Réxime especial de autónomos	Total
Media 2012	12.032	3.442	15.473
Media 2013	11.981	3.331	15.312
Media 2014	11.108	3.292	14.400
Media 2015	12.446	3.237	15.683
Media 2016	13.003	3.095	16.098

Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social.

Diagnóstico 2017. Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

A proporción de homes que traballan no sector TIC segue duplicando á cifra de mulleres traballadoras adicadas ás TIC.


G.10. EMPREGO NO SECTOR TIC SEGUNDO O SEXO. 2016



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Ano 2016.

Tendo en conta o ámbito xeográfico, na provincia da Coruña, atópanse a maior cifra de persoal adicado ás TIC, con 54,1% dos traballadores/as, seguida de Pontevedra con 31,4% asalariados/as; en Lugo traballan no sector TIC un 8% do total e en Ourense un 6,8%.

G.11. EMPREGO NO SECTOR TIC DE GALICIA SEGUNDO A PROVINCIA. ANO 2016




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Ano 2016

Respecto ao total de ocupados/as mantense nun 1,7% a taxa de afiliacións á Seguridade Social do Sector TIC galego respecto ao total de ocupados/as.

G.12. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

TAXA DE EMPREGO DO SECTOR TIC RESPECTO DO TOTAL DE OCUPADOS/AS ANOS 2012-2016

(% sobre o total de afiliacións a Seguridade Social en Galicia)




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE

O sector de Actividades Informáticas é onde se concentra a maioría dos traballadores/as das empresas TIC galegas, un 53,2%. As empresas do sector das Telecomunicacións ocupan a segunda posición en porcentaxe de persoal, cun 22,8%.

G.13 DISTRIBUCIÓN DO PERSOAL DAS EMPRESAS TIC SEGUNDO A ACTIVIDADE DA EMPRESA

(% sobre o total de traballadores / as das empresas TIC)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE

Distribución de funcións e titulacións do persoal nas empresas TIC

A metade dos traballadores/as de empresas TIC en Galicia adícanse a tarefas propiamente relacionadas coas TIC, destacando a fenda por xénero, cun 41,6% de homes fronte ao 9,8% de mulleres que traballan en tarefas TIC. Nos postos directivos tamén se observa unha gran diferenza, cun 8,9% de homes que se encargan da dirección empresarial fronte ao 2,4% de mulleres.

C.3 DISTRIBUCIÓN DAS FUNCIÓNS DOS TRABALLADORES SEGUNDO O XÉNERO


FUNCIÓN DOS TRABALLADORES/AS	SEXO (%)		Total
	Homes	Mulleres	
Dirección	8.9	2.4	11.3
PERSOAL ADICADO Á TAREFAS TIC	41.6	9.8	51.4
PERSOAL NON ADICADO Á TAREFAS TIC	20.5	16.7	37.2

Base: empresas TIC con empregados por conta allea ou propia
 Fonte: OSIMGA

O 24,3% dos traballadores/as de empresas TIC teñen algunha titulación TIC de grao superior e un 9,4% titulación TIC de grao medio, mentres que o 22,4% dos empregados/as estudaron ciclos formativos superiores TIC.

G.14 DISTRIBUCIÓN DOS TRABALLADORES TIC SEGUNDO A SUA FORMACIÓN

(% sobre o total de traballadores/as das empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

A fenda de xénero respecto á formación específica media ou superior en TIC recibida é moi elevada, representando ao 26,7% dos homes fronte ao 7% de mulleres.

G.15 TAXA DE FORMACIÓN MEDIA OU SUPERIOR ESPECÍFICA EN TIC'S

(% sobre o total de traballadores/as das empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

C.4 DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DAS TITULACIÓNS DE TRABALLADORES / AS


Titulacións	XÉNERO (%)		Total
	Homes	Mulleres	
Titulación TIC Superior (Enxeñaría, Informática, Física ou similar)	19.3	5.0	24.3
Titulación TIC Media (Enxeñaría técnica en Informática ou similar)	7.4	1.9	9.4
Titulacións superiores ou medias non TIC	6.8	6.8	13.6
Ciclos formativos superiores no ámbito TIC	18.4	4.0	22.4
Ciclos formativos medios no ámbito TIC	3.6	1.4	5.0
Outras	9.1	5.5	14.6
Descoñece a titulación	6.4	4.4	10.8

Base: total de traballadores / as das empresas TIC

Fonte: OSIMGA

Durante o ano 2016 a porcentaxe de traballadores/as con algún tipo de discapacidade nas empresas do sector TIC foi dun 4,4%.

G.16. PRESENZA DE TRABALLADORES/AS CON DISCAPACIDADE




Base: empresas TIC con traballadores /as por conta allea e / ou propia
Fonte: OSIMGA

Demanda de traballadores /as

Máis da metade das empresas (51,5%) consideran difícil (32%) ou moi difícil (19,5%) atopar persoal coa formación apropiada para desempeñar un posto TIC.

G.17. VALORACIÓN DA BUSCA DE PERFIL PARA CONTRATAR PERSOAL CON FORMACION TIC

(% empresas TIC con traballadores / as por conta allea e / ou propia)



Fonte: OSIMGA

As empresas que teñen máis dificultades para atopar persoal especializado en TIC son as Manufactureiras TIC (75%).

C.5. VALORACIÓN DA BUSCA DE PERFIL PARA CONTRATAR PERSOAL CON FORMACION TIC SEGUNDO A ACTIVIDADE


Dificultade para atopar o perfil en Tic	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Nunca precisou contratalo	12.5	43.5	38.9	18.2	33.3	25.5
Moi Dificil	12.5	6.5	11.1	24.5	25.0	19.5
Difícil	62.5	15.2	33.3	37.1	8.3	32.0
Doado	12.5	34.8	16.7	17.5	25.0	21.1
Moi doado				2.8	8.3	2.0

Base: empresas TIC con traballadores / as por conta allea e / ou propia
 Fonte: OSIMGA

En dúas de cada tres empresas (66,7%) que tiveron dificultade en contratar persoal TIC a principal razón que citan é a carencia de candidatos especialistas en TIC (o 66,7%).

G.18. TIPO DE DIFICULTADES NA CONTRATACIÓN DE PERSOAL TIC

(% empresas TIC con traballadores / as por conta allea e / ou propia que atopan difícil ou moi difícil contratar novo persoal)



Fonte: OSIMGA

I.3. Contribución do sector TIC á economía galega

- ☞ O valor engadido bruto (VEB) do sector TIC galego para o ano 2014 foi superior aos 1.015 millóns de euros, o 1,8% do PIB total de Galicia.
- ☞ Durante o ano 2016 acadouse o máximo histórico no volume de negocio do sector TIC, superando os 2.522 millóns de euros. Isto representa un crecemento do 2,8% no último ano.

O valor engadido bruto (VEB)³ do sector TIC en Galicia durante o 2014 superou os 1.015 millóns de euros, que en termos relativos representa un 1,8% do PIB de Galicia, dacordo cos datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística (IGE).

³ **Definición:** Na economía empresarial, o **valor engadido dunha empresa (VEB)** é a diferenza entre o importe das vendas da empresa e as compras feitas a outras empresas sen incluír a depreciación do capital fixo durante o período.


A magnitude, a nivel macroeconómico, o que fai realmente é o sumatorio do valor agregado por todas as empresas dun país. O Valor Engadido Bruto é a macromagnitud económica que mide o valor engadido xerado polo conxunto de produtores dunha área económica, recollendo en definitiva os valores que se agregan aos bens e servizos nas distintas etapas do proceso produtivo.

O Valor Engadido Bruto garda unha estreita relación co PIB. O PIB obtense despois de engadirlle ao valor agregado do país os impostos indirectos que gravan as operacións de produción.

O IGE cambiou a base contable para adaptarse á nova metodoloxía europea (Sistema Europeo de Contas SEC-2010), o que obrigou a refacer as estimacións tanto do Produto Interior Bruto (PIB) de Galicia como das ramas de actividade que o forman. Este é un procedemento habitual en cada cambio de base contable co que se pretende ofrecer unha imaxe fiel da economía e as súas compoñentes.

G.19. VALOR ENGADIDO BRUTO DO SECTOR TIC EN GALICIA


(miles de euros)



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE

G.20. CONTRIBUCION DO SECTOR TIC A ECONOMIA GALEGA

PORCENTAXE QUE REPRESENTA O VALOR ENGADIDO BRUTO DO SECTOR TIC NO PIB DE GALICIA



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE

O Valor engadido Bruto do sector TIC a nivel estatal superou os 30.626 millóns de euros no ano 2015.

C.6. VALOR ENGADIDO BRUTO DO SECTOR TIC EN MILES DE EUROS


Valor Engadido Bruto	Ano 2012	Ano 2013	Ano 2014	Ano 2015
Galicia	1.126.337	1.021.7458	1.015.581	*
España	31.688.547	30.558.879	29.701.933	30.626.700

*Dato non dispoñible

Os datos seguintes amosan a evolución do volume de vendas (sen computar o IVE) durante cada exercicio anual. Durante o ano 2016 acadouse o máximo histórico, con 2.522 millóns de euros obtidos polas empresas TIC galegas. Isto representa un crecemento do 2,8% no último ano.

G.21. ESTIMACIÓN DO VOLUME DE NEGOCIO

(millóns de euros)



Base: empresas TIC

Fonte: OSIMGA

A distribución xeográfica do volume de negocio indica que o 72,7% dos clientes das empresas TIC galegas proceden da nosa Comunidade e nun 20,6% do resto de España.

C.7. DISTRIBUCIÓN DO VOLUME DE NEGOCIO DURANTE O ANO 2016 SEGUNDO O EMPRAZAMENTO DOS CLIENTES

% de distribución xeográfica da cifra de negocio			
Galicia	Resto de España	Resto da Unión Europea	Resto do mundo
72.7	20.6	3.7	3.1

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

C.8. DISTRIBUCIÓN DO VOLUME DE NEGOCIO DURANTE O ANO 2015 SEGUNDO O TIPO DE CLIENTES

% de distribución por clientes da cifra de negocio					
Xunta de Galicia	Concellos e deputación galegas	Administración Pública non galega	Empresas	Profesionais	Particulares
8.1	3.2	1.0	69.2	9.2	9.3


Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

I.4. Certificacións de calidade

- ☞ Na actualidade, o 7,8% das empresas TIC galegas posúe algún tipo de certificación de calidade, tipo ISO 9001, CMMI ou similares.

G.22. DISPOSICIÓN DE CERTIFICACIÓN DE CALIDADE

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

As empresas adicadas á actividade “Manufactureiras TIC” posúen en maior medida algunha certificación de calidade (21,4%), ocupando a segunda posición as empresas comerciais TIC, cun 9,9%.

C.9. DISPOSICIÓN DE CERTIFICACIÓN DE CALIDADE SEGUNDO A ACTIVIDADE

Certificación de calidade	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Si	21.4	9.9	6.7	7.6	5.9	7.8
Non	78.6	90.1	93.3	92.4	94.1	92.2

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

O tamaño da empresa reflicte considerablemente na disposición dalgún tipo de certificación de calidade, xa que nas empresas con 10 ou máis asalariados, un 48,1% posúen certificacións de calidade, fronte ao 5,3% de microempresas..

C.10. DISPOSICIÓN DE CERTIFICACIÓN DE CALIDADE SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Certificación de calidade	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados/as	De 10 ou máis asalariados/as	
Si	5.3	48.1	7.8
Non	94.7	51.9	92.2

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Segundo a ubicación, son as empresas ubicadas en Pontevedra as que destacan en maior medida na dispoñibilidade de certificacións de calidade (un 10%).

C.11. DISPOSICIÓN DE CERTIFICACIÓN DE CALIDADE SEGUNDO A PROVINCIA

Certificación de calidade	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Si	6.1	7.5		10.0	46.2	7.8
Non	93.9	92.5	100.0	90.0	53.8	92.2

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

II. ACTIVIDADES DE I+D+i e INNOVACIÓN



- ☞ O número de empresas TIC galegas que realizaron actividades de I+D+i durante os últimos 3 anos incrementouse en 4,1 puntos respecto ao ano anterior, pasando dun 25,9% a un 31%.
- ☞ O 72,2% das empresas que realizaron actividades de I+D+i obtivo resultados comercializables.
- ☞ O 18,4% das empresas TIC galegas colaboraron con outras empresas para realizar innovacións.

II.1. Actividades de I+D+i

- 👉 O número de empresas do sector TIC galego que realizaron actividades de I+D+i durante os últimos 3 anos incrementouse en 4,1 puntos respecto ao dato do ano anterior, pasando dun 25,9% a un 31%.
- 👉 Entre as empresas TIC que realizaron actividades I+D+i, un 72,2% obtivo resultados comercializables.


A porcentaxe de empresas TIC que realizaron actividades de I+D+i recupera o ritmo de crecemento, acadando o 31% e rexistrando un incremento de 4,1 puntos con respecto ao ano anterior.

G.23. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas do sector TIC que realizaron actividades de I+D+i nos tres últimos anos

Evolución Galicia

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

O interese polas actividades de I+D+i é dispar segundo o tipo de actividade da empresa, destando as empresas adicadas á actividade manufactureira TIC.

C.12. EMPRESAS TIC QUE REALIZARON ACTIVIDADES RELACIONADAS CO I+D+i SEGUNDO A ACTIVIDADE

Actividades I+D+i no período 2014-2016	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Si	57.1	12.7	20.0	37.1	14.7	31.0
Non	42.9	87.3	80.0	62.9	85.3	69.0

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

O tamaño da empresa incide de xeito considerable na realización de actividades I+D+i, cun 70,4% de empresas TIC de 10 ou máis traballadores/as que realizaron este tipo de proxectos fronte ao 28,6% das microempresas TIC galegas.

C.13. EMPRESAS TIC QUE REALIZARON ACTIVIDADES RELACIONADAS CO I+D+i SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

Actividades I+D+i no período 2014-2016	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados/as	De 10 ou máis asalariados/as	
Si	28.6	70.4	31.0
Non	71.4	29.6	69.0

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Se observamos o ámbito territorial, as empresas TIC pontevedresas destacan cunha porcentaxe do 34,3% que realizaron actividades relacionadas coa I+D+i durante os últimos tres anos.

C.14. EMPRESAS TIC QUE REALIZARON ACTIVIDADES RELACIONADAS CO I+D+i SEGUNDO A PROVINCIA


Actividades I+D+i no período 2014-2016	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Si	30.0	25.0	31.0	34.3	30.8	31.0
Non	70.0	75.0	68.6	65.7	69.2	69.0

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Un 72,2% das empresas TIC que realizaron actividades de I+D+i obtivo resultados comercializables nos tres últimos anos.

G.24. OBTENCION DE RESULTADOS COMERCIALIZABLES

(% empresas TIC que realizaron actividades de I+D+i)



Fonte: OSIMGA

Considerando o xénero dos traballadores/ as adicados á I+D+i nas empresas TIC galegas a porcentaxe masculina resulta significativamente maior (89,5%), fronte ao 10,5% da feminina.

C.15. MEDIA DE TRABALLADORES / AS EN I+D+i

	XÉNERO (Nº MEDIO)		Total
	Homes	Mulleres	
ADICADOS A I+D+i	0.88	0.13	1.02

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

C.16. DISTRIBUCIÓN PORCENTUAL DE TRABALLADORES / AS EN I+D+i

	XÉNERO (%)		Total
	Homes	Mulleres	
ADICADOS A I+D+i	89.5	10.5	100.0


Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

II.2. Innovacións introducidas nos últimos tres anos

- ☞ Un 25,6% das empresas TIC galegas introduciron bens novos ou mellorados nos últimos tres anos e un 34,6% realizaron innovacións en materia de servizos.
- ☞ As novidades máis introducidas nas empresas TIC foron as actividades de apoio aos seus procesos, seguidas dos sistemas de xestión de coñecementos.
- ☞ A cooperación ou colaboración interempresarial foi do 18,4%, e a maioría dos socios ou interaccións producíronse con empresas situadas en España.


Un 25,6% das empresas TIC galegas introduciron bens novos ou mellorados nos últimos tres anos e un 34,6% realizaron innovacións en materia de servizos

G.25. INTRODUCCIÓN DE BENS NOVOS OU MELLORADOS DE MANEIRA SIGNIFICATIVA NO PERÍODO 2014-2016



Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

G.26. INTRODUCCIÓN DE SERVIZOS NOVOS OU MELLORADOS DE MANEIRA SIGNIFICATIVA NO PERÍODO 2014-2016




Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Tendo en conta o sector de actividade, destacan as empresas Manufactureiras TIC no que se refire á introdución de bens novos ou mellorados, e as empresas adicadas a Actividades Informáticas no que respecta aos servizos novos ou con melloras (un 38,1%).

G.27. INTRODUCCIÓN DE BENS / SERVIZOS NOVOS OU MELLORADOS DE MANEIRA SIGNIFICATIVA NO PERÍODO 2014-2016 SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

O tamaño da empresa resulta unha variable clave no incremento tanto dos bens como dos servizos novos ou mellorados para os anos 2014-2016, reafirmando a conclusión de que a maior número de traballadores / as na empresa, maior práctica de innovacións.

G.28. INTRODUCCIÓN DE BENS / SERVIZOS NOVOS OU MELLORADOS DE MANEIRA SIGNIFICATIVA SIGNIFICATIVA NO PERÍODO 2014-2016 SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

Territorialmente prodúcese unha maior interese na innovación nas empresas da Coruña e Pontevedra, destacando as de Pontevedra pola porcentaxe de bens novos ou mellorados e as de Coruña na introdución de servizos novos ou mellorados.

G.29. INTRODUCCIÓN DE BENS / SERVIZOS NOVOS OU MELLORADOS DE MANEIRA SIGNIFICATIVA SIGNIFICATIVA NO PERÍODO 2014-2016 SEGUNDO A PROVINCIA

(% empresas TIC)




Fonte: OSIMGA

En canto ao ámbito de realización das actividades de innovación, preséntase un equilibrio entre os proxectos que foron novidade unicamente para a súa empresa e os que foron novidade no seu mercado.

G.30. INNOVACIÓNS INTRODUCIDAS NO PERÍODO 2014-2016

(% empresas TIC que introduciron na súa empresa bens ou servizos novos mellorados de maneira significativa no período 2014-2016)



Fonte: OSIMGA

Diagnóstico 2017. Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

Os bens ou servizos novos máis citados polas empresas TIC galegas son as actividades de apoio para os seus procesos (53,4%) e os sistemas de xestión tanto de utilización como de intercambio de información (52,1%).

C.17. TIPOLOXÍA DE BENS OU SERVIZOS NOVOS OU MELLORADOS


TIPOLOXÍA DE BENS OU SERVIZOS NOVOS MELLORADOS	SI	NON
Métodos de fabricación ou produción de bens ou servizos	39.1	60.9
Sistemas loxísticos ou métodos de entrega ou distribución	17.6	82.4
Actividades de apoio para os seus procesos, como sistemas de mantemento ou operacións informáticas, de compra ou de contabilidade	53.4	46.6
Sistemas de xestión dos coñecementos destinados a mellorar a utilización ou o intercambio de información , coñecementos e competencias dentro da súa empresa	52.1	47.9
Na organización do traballo e na estrutura de xestión así como na integración de distintos departamentos ou actividades	47.2	52.8
Nas súas relacións con outras empresas ou institucións públicas por exemplo, mediante alianzas, asociación, externalización ou subcontratación	32.8	68.0

Base: empresas TIC que introduciron bens ou servizos novos mellorados de maneira significativa no período 2014-2016
Fonte: OSIMGA

A cooperación ou colaboración con outras empresas mantense en valores similares ao ano anterior, acadando un 18,4%.

G.31. EVOLUCION DO INDICADOR

Cooperacións das empresas TIC nalgunha actividade de innovación con outras compañías ou entidades no período 2014-2016



Fonte: OSIMGA

Diagnóstico 2017. Enquisa ás empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia

O sector de actividades das empresas TIC inflúe considerablemente na porcentaxe de cooperación ou colaboración interempresarial, de xeito que nas empresas adicadas á Manufactura TIC a porcentaxe de cooperación no período 2014-2016 acada o 35,7% e nas de Telecomunicacións o 10%.

C.18. COOPERACIÓNS DAS EMPRESAS TIC NALGUNHA ACTIVIDADE DE INNOVACIÓN CON OUTRAS COMPAÑÍAS OU ENTIDADES SEGUNDO A ACTIVIDADE

Cooperaron no período 2014-2016 con outras compañías ou entidades	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Si	35.7	11.3	10.0	21.0	11.8	18.4
Non	64.3	88.7	90.0	79.0	88.2	81.6

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Fonte: OSIMGA

Pero a variable que inflúe de xeito máis directo nesta cooperación entre empresas é o número de traballadores/as, de xeito que a maior volume de empregados/as máis cooperación con outras empresas, rexistrándose un 48,1% entre as que teñen 10 ou máis asalariados/as fronte ao 16,5% das microempresas.

C.19. COOPERACIÓNS DAS EMPRESAS TIC NALGUNHA ACTIVIDADE DE INNOVACIÓN CON OUTRAS COMPAÑÍAS OU ENTIDADES SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS

Cooperaron no período 2013-2015 con outras compañías ou entidades	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados /as	De 10 ou máis asalariados / as	
Si	16.5	48.1	18.4
Non	83.5	51.9	81.6

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Esta colaboración con outras compañías ou entidades prodúcese máis frecuentemente con socios nacionais.

C.20. LOCALIZACIÓN DO PAÍS DO/S SOCIO/S

PAÍS ONDE ESTÁ UBICADO O/S SOCIO/S	2014	2015	2016	2017
España	90,0	87,0	93.6	91.8
Outro país de la UE	14,8	4,7	14.6	8.9
EEUU	5,9	5,7	6.3	6.6
Os demais países	6,7	14,1	10.7	7.5

Base: empresas TIC que cooperaron con actividades de innovación con outras compañías ou entidades
Fonte: OSIMGA

II.3. Solicitude de patentes


☞ Durante o 2017 incrementáanse todas as tipoloxías de solicitudes de patentes e dereitos de propiedade intelectual e industrial solicitadas, especialmente as referidas ás marcas, ata 2,4 puntos porcentuais, e chegando ata o 12,3%. Os dereitos de autor aumentan 0,9 puntos porcentuais, acadando o 4,8% e situando este tipo de propiedade intelectual e industrial en segundo lugar.

Durante o último ano segue o aumento en todos os tipos de dereitos de propiedade intelectual e industrial: as patentes incrementáanse en 0,3 puntos porcentuais, os debuxos ou modelos industriais en 0,9 puntos, as marcas en 2,4 puntos e o dereitos de autor en 0,9 puntos.

G.32. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Solicitude de dereitos de propiedade intelectual e industrial

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

O tamaño da empresa e a actividade repercuten significativamente nas solicitudes de dereitos de propiedade intelectual e industrial, sendo destacable que un 44,4% das empresas TIC de 10 ou máis de 10 asalariados/as rexistrou algunha marca.

C.21. SOLICITUDE DOUTRO TIPO DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS/AS

OUTROS DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL	Nº DE EMPREGADOS / AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados/as	De 10 ou máis asalariados/as	
Patente	1.7	7.4	2.0
Algún debuxo ou modelo industrial	1.9	3.7	2.1
Algunha marca	10.2	44.4	12.3
Dereitos de autor	4.4	14.8	4.8

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

III. EQUIPAMENTOS E SERVIZOS TIC



- ☞ Segue incrementándose o uso da telefonía móbil para uso empresarial, chegando ata o 86,6%, 2,3 puntos máis que no ano anterior.
- ☞ Volve a incrementarse o envío de facturas electrónicas (38,5%), e tamén aumenta a dispoñibilidade de ferramentas tanto ERP (29,8%) como CRM (29,3) e o uso de servizos baseados en Cloud (43,9%).
- ☞ Máis da metade das empresas TIC galegas (51,0%) contrata velocidades de Internet superiores a 100 Mbps, 12,7 puntos máis que no ano 2016.
- ☞ Aumenta a dispoñibilidade de páxina web (77,3%) e a presenza das empresas nas redes sociais (40,1%).


III. 1. Equipamento Tecnolóxico

☞ Segue incrementándose o uso da telefonía móbil para uso empresarial, chegando ata o 86,6% (2,3 puntos porcentuais máis que no ano anterior). A segunda posición, en canto a equipamento TIC, é a rede de área local (LAN) cun 85,7% (1,5 puntos máis que no ano anterior).

G.33. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Equipamentos en TIC

(% empresas TIC)



Fonte: OSIMGA

As empresas adicadas á actividade comercial rexistran a maior porcentaxe de telefonía móbil para uso empresarial, cun 95,3%. O equipamento de Rede de área local destaca especialmente nas empresas de Telecomunicacións, cun 87,3%.

C.22. EQUIPAMENTOS EN TIC SEGUNDO A ACTIVIDADE

Equipamentos en TIC % de resposta múltiple	TIPO DE ACTIVIDADE (%)					Total
	Manufactureiras TIC	Comerciais TIC	Telecomunicacións	Actividades informáticas	Outros servizos	
Sistema operativo de código libre-linux	44.4	30.3	36.6	62.8	42.5	53.7
Rede de área local	83.3	83.0	87.3	86.2	86.9	85.7
Rede de área local sen fíos	88.9	73.6	76.9	86.5	79.6	83.3
Servidores para bases de datos	66.7	60.9	74.6	77.5	61.8	73.0
Intranet corporativo	61.1	31.3	42.5	47.4	31.2	43.6
Extranet	38.9	23.6	33.6	30.8	22.1	29.4
Videoconferencia	61.1	28.3	56.8	60.1	40.2	53.2
Telefonía móbil para uso empresarial	83.3	95.3	85.1	85.6	80.0	86.6

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

Tendo en conta o número de traballadores/as obsérvanse diferenzas significativas de equipamento: Nas empresas TIC de 10 ou máis 10 asalariados/as destacan os Servidores para bases de datos (100%), a Rede de área local (98,5%) e a telefonía móbil de uso empresarial (94,8%); mentres que nas microempresas destaca en primeiro lugar a telefonía móbil para uso empresarial (86,1%), a Rede de área local (84,8%) e a Rede de área local sen fíos (83%).

C.23. EQUIPAMENTOS EN TIC SEGUNDO O Nº DE EMPREGADOS / AS

Equipamentos en TIC % de resposta múltiple	Nº DE EMPREGADOS/AS (%)		Total
	De 0 a 9 asalariados /as	De 10 ou máis asalariados /as	
Sistema operativo de código libre-linux	52.7	67.6	53.7
Rede de área local	84.8	98.5	85.7
Rede de área local sen fíos	83.0	88.2	83.3
Servidores para bases de datos	71.2	100.0	73.0
Intranet corporativo	40.5	88.9	43.6
Extranet	27.0	63.7	29.4
Videoconferencia	51.2	81.6	53.2
Telefonía móbil para uso empresarial	86.1	94.8	86.6

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

As localizacións xeográficas das empresas TIC galegas mostra diferenzas nos equipamentos máis habituais: As ubicadas en Pontevedra están máis equipadas coa telefonía móbil (o 92,4%) que as de Lugo (77,2%). No que se refire ao segundo equipamento máis habitual, a Rede de área local, destacan as empresas de Ourense (94,7%), fronte o 68,9% das empresas TIC en Lugo.

C.24. EQUIPAMENTOS EN TIC SEGUNDO A PROVINCIA

Equipamentos en TIC % de resposta múltiple	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Sistema operativo de código libre-linux	57.8	45.2	44.5	52.2	54.7	53.7
Rede de área local	82.2	68.9	94.7	94.1	79.1	85.7
Rede de área local sen fíos	81.9	82.8	87.0	83.2	100.0	83.3
Servidores para bases de datos	70.8	68.9	73.5	76.9	81.4	73.0
Intranet corporativa	41.7	34.4	34.6	48.6	79.1	43.6
Extranet	28.3	13.5	26.8	34.2	53.5	29.4
Videoconferencia	53.7	40.8	56.2	53.5	71.0	53.2
Telefonía móbil para uso empresarial	84.6	77.2	89.8	92.4	79.1	86.6

Base: empresas TIC
Fonte: OSIMGA

III. 2. Sistemas informáticos


- ☞ O 28,9% das empresas TIC galegas emprega o teletraballo.
- ☞ A localización principal dende a que teletraballan os empregados/as é o propio domicilio.
- ☞ O 27,5% das empresas TIC galegas, realiza algún tipo de intercambio de datos de xeito electrónico ou automatizado. Nun 81,8% destas empresas TIC, este intercambio de datos son envíos de instrucións de pago a entidades bancarias.
